



Concello de Oza-Cesuras

EDICTO CONSULTA PÚBLICA PREVIA

Este concello considera necesario que se proceda ao establecemento dunha ordenanza a reguladora das condicións e os efectos xurídicos da utilización das tecnoloxías da información na actividade administrativa, nas relacións entre o Concello e o resto de entidades integrantes do sector público, nas relacións coa cidadanía a fin de garantir os seus dereitos e, en especial, a regulación das condicións e os efectos xurídicos do uso dos medios electrónicos na tramitación dos procedementos administrativos, así como establecer os principios reguladores da incorporación dos trámites e dos procedementos administrativos municipais á tramitación por vía electrónica.

Co obxectivo de garantir a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango regulamentario, e en cumprimento do disposto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas – LPACAP - con carácter previo á elaboración da Ordenanza, debe substanciarse unha consulta pública previa para recabar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas que potencialmente se poidan ver afectados pola futura norma sobre unha serie de aspectos como son os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

En consecuencia, sométense a consulta pública previa á elaboración da ordenanza municipal reguladora da administración electrónica no Concello de Oza Cesuras os seguintes aspectos:

a) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:

O impacto das novas leis de procedemento e réxime xurídico na Administración, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 2 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, obriga a adaptar ás mesmas as Ordenanzas e Regulamentos locais en materia de Administración electrónica.

Son numerosos os cambios que se produciron durante as últimas décadas na regulación do procedemento administrativo coa introdución paulatina da Administración electrónica.

Desde o punto de vista do cidadán, recoñécense unha serie de “dereitos das persoas”, o máis importante dos cales é o da libre elección da canle a través do cal se relacionan coa Administración, canle que obrigatoriamente deberá ser o electrónico para o caso de persoas xurídicas e determinadas persoas físicas.

A simplificación administrativa é outro dos principios inspiradores da reforma legal, plásmase en numerosos preceptos como a posibilidade de presentar unha declaración responsable onde anteriormente se necesitaba unha solicitude, ou o dereito a non presentar ningún documento que se orixine en calquera Administración pública.

Desde o punto de vista da Administración, ante todo debe implantar os mecanismos para





Concello de Oza-Cesuras

facen efectivos aqueles dereitos. A nivel interno, o procedemento debe ser integramente electrónico: o Rexistro é electrónico e único; o expediente, que se impulsará de oficio e por medios electrónicos, é un índice electrónico que se compón de documentos electrónicos, tramitados e asinados electronicamente; o arquivo, filtrado polo Esquema Nacional de Seguridade, tamén será único e suporá o almacenamento por medios electrónicos, seguro e confidencial, de todos os documentos administrativos que se xeren.

Desde o punto de vista da tramitación destes expedientes, a clave é a firma electrónica, debendo dispor dun certificado de firma todos os empregados públicos que teñan algunha responsabilidade na tramitación do procedemento, ben para asinar, stricto sensu, ben para tramitar ou remitir información. Xunto coa firma electrónica asociada directamente á persoa, destaca a xeneralización da actuación administrativa automatizada, a través de selos de entidade, de órgano e de tempo, esencialmente.

En definitiva, a necesidade de adaptación ás novas leis de procedemento e réxime xurídico, así como de protección de datos e transparencia, xustifican a necesidade da aprobación da presente ordenanza.

b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación:

A incorporación ao proxecto de administración electrónica da provincia da Coruña impulsado pola Deputación Provincial require a aprobación municipal da Ordenanza tipo Administración Electrónica axustada ao modelo de data 17 de xuño de 2022 (Expediente: PCO.001.2020.00362) de Concello Dixital.

c) Obxectivos da normativa:

A regulación das condicións e os efectos xurídicos da utilización das tecnoloxías da información na actividade administrativa, nas relacións entre o Concello e o resto de entidades integrantes do sector público, nas relacións coa cidadanía a fin de garantir os seus dereitos e, en especial, a regulación das condicións e os efectos xurídicos do uso dos medios electrónicos na tramitación dos procedementos administrativos, así como establecer os principios reguladores da incorporación dos trámites e dos procedementos administrativos municipais á tramitación por vía electrónica.

d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias:

Non se detectaron outras solucións alternativas regulatorias ou non regulatorias que poidan substituír os efectos da ordenanza reguladora que se pretende establecer.

Durante os dez días hábiles seguintes á publicación do presente edicto, os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren, poderán presentar as súas opinións neste concello.

Oza-Cesuras, na data que figura na sinatura electrónica.

O Alcalde





Concello de Oza-Cesuras

Asdo./ José Pablo González Cacheiro

